

**ANUNCIO****ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL****DATA: 12/08/2024****APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE 2024****Artigo 1. Obxecto**

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables as actividades da terceira idade de acordo coas seguintes modalidades:

Actividades incluídas na matrícula anual:
- ximnasia de maiores
- obradoiro de traballo corporal
- obradoiro de memoria
- canto-coral)
Bailoterapia
Ioga integral

**Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento**

As actividades están dirixidas as persoas empadroadas no Concello de Vedra e cumbran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

Serán persoas obrigadas ao pagamento as persoas beneficiarias da actividade.

**Artigo 3. Contía**

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Actividades incluídas na matrícula anual	20,00 €
Bailoterapia	20,00 €/Trimestre
Ioga integral	30,00 €/Trimestre

**Artigo 4. Normas de xestión**

O pago do prezo público realizarase no centro social da terceira idade, a través da TPV habilitada ao efecto e antes do comezo da actividade, previa inscrición de acordo coas normas e calendario que se aprobe e publique polo Concello. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.



**Artigo 5. Devolución de ingresos.**

Procederá á devolución dos ingresos por causas imputables ao concello, por non terse realizado as actividades.

**Artigo 6. Lexislación aplicable**

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

(Documento asinado dixitalmente)